# DEUSES EXIPCIOS



O pobo exipcio cría en varios deuses e deusas (politeísmo) que tiñan un aspecto metade humano e metade animal.

Destacaban Atón-Ra ou Amón, deus da creación e do sol



Osiris, deus dos mortos e da resurrección

Isis, deusa da vida, das mulleres e da infancia

Horus, deus do ceo

ou Anubis, deus da momificación.



Cada cidade rendía culto a diferentes divindades.

# RA



**Home con cabeza de falcón coroado cun disco solar.**
**Era o  deus do sol e críase que era o responsable da creación do mundo cada día. Durante o amencer, Ra xurdía no horizonte na súa barca solar, traendo luz e calor á terra. Como deus do sol, Ra simbolizaba a vida, a enerxía e o poder divino.**





**No imperio novo RA e o deus AMÓN ( deus do vento) fusionáronse, dando lugar a AMÓN - RA, deus supremo.**




**Posteriormente, o nome de AMÓN- RA será substituído por ATÓN**


OSIRIS

Deus dos mortos e da resurrección. Aparece momificado porque segundo o seu mito, despois de ser asasinado e desmembrado polo seu irmán SET, a súa muller ISIS reuniu todas as partes do corpo, que foran esparcidas por todo Exipto. ANUBIS envolveunas en vendas, creando así a primeira momia.E por último, Isis resucítao.

Despois, covértese en xuíz das almas dos mortos.





# O XUÍZO DE OSIRIS
# OU
# O XUÍZO DOS MORTOS



**Críase que cando unha persoa falecía a súa alma era xulgada no reu¡ino de Osiris para determinar o seu destino.**

**O deus chacal Anubis pesaba o corazón do difunto nunha balanza fronte a pluma da verdade de Maat, a deusa da xustiza.**



**Se o corazón do difunto era tan lixeiro como a pluma de Maat,  a alma era declarada «xusta» e era guiada por Horus hacia a presencia de Osiris quen lle outorgaba a vida eterna no seu reino.**



**Pero se o corazón do difunto era máis pesado que a pluma de Maat, considerábase que non fora xusto durante a vida e a alma era devorada pola monstruosa criatura Ammit, e o individuo sufría a aniquilación total, sen posibilidade de vida eterna.**



**Ammit, a "deusa crocodilo", é a encargada de devorar as almas das persoas que chegan ao xuizo final tendo cometido demasiados pecados en vida. Esta deusa ten cabeza de crocodilo, dúas patas de león e dúas patas de hipopótamo, reunindo así atributos de tres dos animais máis perigosos de Exipto.**



**Thot é o deus da escritura e a sabiduría. Aparece representado coa cabeza dun ibis e cuerpo de home . Thot é o conselleiro de Ra, o gardián do coñecemento e o creador dos xeroglíficos.**







istock

# Anubis



**Facilmente recoñecible pola sua cabeza de chacal  era o responsable de preparar os mortos para a súa viaxe  á outra vida e presentalos ante Osiris para seren xulgados.**





ANUBIS, DIOS DE LA MUERTE
LA BALANZA
EL “BA”, ALMA DEL DIFUNTO
PLUMA DE LA VERDAD
Anubis pesando el corazón del “Ba” contra la Pluma de la Verdad
VASIJA CONTENIENDO EL CORAZÓN DEL “BA”
EL DEVORADOR
TOT, DIOS DE LA SABIDURÍA

# ISIS



# Irmá - esposa de Osiris e nai de Horus, ISIS é  a protectora das mulleres e da infancia.





# Horus





istock

**Recoñéceselle pola cabeza de falcón coa dobre coroa.**
**Concebido por Osiris e Isis despois de que el resucitara.**
**Cando medrou derrotou ao seu tío Seth quen descuartizara ao seu pai. Na batalla perdeu o seu ollo dereito**




Este ollo, unha vez restaurado polo deus Toth, convertiuse nun talismán. Os exipcios crían que este amuleto tiña o poder de revivir. Por isto, colocábase sobre as feridas nas momias, simbolizando a restauración do corpo e a vida eterna.

# O OLLO DE HORUS





# OS ANIMAIS NO ANTIGO EXIPTO.



**Era habitual render culto a determinados animais, como a serpe, o gato, os crocodilos ou os hipopótamos, porque crían que eran manifestacións de deusas e deusas.**



**Os gatos ("miu") eran as súas mascotas preferidas o que explica que apareceran centos deles momificados nas tumbas.**








20

# A MOMIFICACIÓN



**O proceso polo cal os exipcios  evitaban que os corpos se descompuxeran era a momificación.**

**Como crían na vida despois da morte quería conservar o corpo o máis recoñecible posible.**



**Canto máis privilexiados  máis acceso tiñan a  longos e elaborados procesos con aceites sagrados.**



**Os non privilexiados  simplemente eran enterrados desnudos na area do deserto para que se desecara o corpo.**



# PROCEDEMENTO

**Primeiro extraían o cerebro a través das fosas nasais cos instrumentos longos e curvados, moi habilmente para non danar o rostro do difunto.**



# *El rito funerario*

Quizás lo más llamativo del antiguo Egipto, aparte de las pirámides, sean las momias. Estas resultaban del complejo proceso al que eran sometidos los cuerpos de los difuntos, la momificación.
Esta era parte de un rito funerario, basado en la idea de que para alcanzar la inmortalidad se debían preservar los cuerpos.



El primer paso consistía en limpiar y perfumar por fuera el cadáver.



Luego se extraían las vísceras, las que después eran limpiadas y rociadas con vino de palma y luego vaciadas a recipientes especiales llamados "vasos canopes".



El vientre era rellenado con mirra y toda clase de sahumerios



Después el cuerpo era sumergido en un recipiente lleno de natrón (una solución de carbonato sódico), dejándolo allí por espacio de setenta días.



Pasado este tiempo se saca de nuevo el cuerpo, se lava bien y se rellena con serrín.



Luego se juntan fuertemente las piernas del cadáver y se le cruza de brazos. Acto seguido se procede a envolverlo totalmente, cara inclusive, con un sin fin de vendas impregnadas de goma.



Finalmente, los deudos pueden llevarse el cadáver metido en un ataúd de madera con forma humana, el que es puesto de pie y arrimado contra la pared en la habitación del difunto.

# Unha vez dentro do sarcófago  xa se podía depositar na súa tumba





# MASTABA:

**tumba coas paredes inclinadas e a terraza plana que contaba cunha cámara funeraria coa estatua do defunto, un pozo, no que era aloxado o sarcófago e que se sellaba tralo sepelio**





# Pirámide




Son as tumbas onde se enterraron os faraóns durante o Imperio Antiguo. No exterior teñen forma de pirámide, e por dentro unha complexa rede de pasadizos e trampas polas que se accedía á cámara funeraria

# Hipoxeo

**Son tumbas subterráneas excavadas dentro das montañas. O exterior non se ve, para así evitar saqueos, e no interior ubícase a cámara funeraria.**





**Tanto as tumbas reais, como as dos cortesáns construíanse en lugares ocultos, co fin de que os ladróns non puideran atopalas, e non roubaran o seu contido. Tamén facían un pozo profundo á entrada das tumbas, esperando disuadir aos saqueadores.**
**Malia o oculto do lugar e a vixilancia que os faraóns tiñan sobre as necrópoles, casi todas as tumbas foron expoliadas xa na Idade Antiga. O descubrimento case intacto da tumba do faraón Tutankamon, un faraón menor, permitiunos coñecer as riquezas que se podían acumular nestas tumbas.**







Begoña Miguéns